

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VILAR DE SANTOS, PARA A CESIÓN DO USO AO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO, DUNHA SALA NO CENTRO DE SAÚDE DE VILAR DE SANTOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vilar de Santos (Ourense) formalizaron o 01.10.2019 o convenio arriba referido, por un período de vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais salvo denuncia expresa dalgunha das partes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a cesión a título gratuito e en concepto de precario por parte do Servizo Galego de Saúde ao Concello de Vilar de Santos, do dereito de uso da sala situada na planta baixa, local número 01 do Centro de Saúde de Vilar de Santos.

A finalidade do uso desta sala, é para que o departamento de Servizos Sociais do Concello leve a cabo as súas funcións de intervención, atención directa e asesoramento aos usuarios que acoden ao Centro de Saúde, utilizando a dita sala, os luns, en horario de 09.30 a 12.00 horas.

O espazo cedido deberá ser destinado única e exclusivamente á realización das súas funcións, polo departamento de servizos sociais do Concello. Ditas funcións non resultan contraditorias coa afectación da sala obxecto de cesión.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase, entre outros, en que a actividade que se pretende desenvolver no espazo solicitado, responsabilidade exclusiva do Concello de Vilar de Santos, non ten ánimo de lucro, busca a satisfacción dos intereses públicos dos veciños e veciñas do Concello que o precisen e non resulta incompatible coa afectación do inmovible.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo